



**ACTA DO VEREDICTO DO XURADO DO II CONCURSO DE DEBUXO
"E TI ... QUE PINTAS NO MEDIO" 2010**

En Santiago de Compostela, sendo as 9:00 horas do día 10 de decembro de 2010, reúnese o Xurado do II CONCURSO DE DEBUXO "E TI ... QUE PINTAS NO MEDIO" 2010, formado por:

- D. Carlos A. Fernández Castro, Presidente da FEGAMP;
- D. Francisco Castillo Rodríguez, Xefe de Paisaxe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.
- D. Javier Carnota López, Responsable de Comunicación da FEGAMP;
- D^a. María Lamelas Torrijos, Técnico Superior da FEGAMP.

Excusan asistencia a Dirección Xeral e a Subdirección da Consellería e pola FEGAMP a Presidenta e o Secretario Xeral da Rede de Concellos pola Sostibilidade.

Examinados os traballos presentados no II CONCURSO DE DEBUXO "E TI QUE PINTAS NO MEDIO", o xurado acorda por unanimidade conceder os seguintes premios:

CATEGORÍA A (6-9 anos):

- 1º premio de 300 euros e figura alegórica, a Santiago Pérez Salgado polo traballo presentado baixo o lema "*Amamos o medio ambiente*".

Ante a calidade dos traballos presentados nesta categoría, o xurado acorda conceder 1 accésit de 100 euros e escultura alegórica a: Francisco Colmenero Salgado, polo traballo presentado baixo o lema "*Coidemos o medio ambiente*".

CATEGORÍA B (10-12 anos):

- 1º premio de 300 euros e figura alegórica, a Carmen Villar Varela polo traballo presentado baixo o lema "*¿ Queres vivir nun lugar así ? Pénsao.*"

Ante a calidade dos traballos presentados nesta categoría, o xurado acorda conceder 1 accésit de 100 euros e escultura alegórica a Cristina Prieto Muñoz, polo traballo presentado baixo o lema "*Quero un medio agarimoso*".



CATEGORÍA C (13-15 anos):

O xurado acorda declarar deserta esta categoría.

CATEGORÍA D (16-18 anos):

· 1º premio de 300 euros e figura alegórica, a Amparo Fernández Fernández polo traballo "*Natureza Morta*".

Ante a calidade dos traballos presentados nesta categoría, o xurado acorda conceder 1 accésit de 100 euros e escultura alegórica a Miguel Tierra Rodríguez, polo traballo presentado baixo o lema "*Contaminación Mariña*".

E para que así conste, aos efectos oportunos, asinan a presente acta:

Carlos A. Fernández Castro

Francisco Castillo Rodríguez

Javier Carnota López

Maria Lamelas Torrijos